



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Administración local e acción cultural e educativa	Código	652G03040		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Pose Porto, Hector Manuel	Correo electrónico	hector.pose@udc.es		
Profesorado	Pose Porto, Hector Manuel	Correo electrónico	hector.pose@udc.es		
Web	www.udc.es/dep/pdce/Hector				
Descrición xeral	Un dos principais ámbitos de intervención profesional do/a educador/a social reside na Administración Local e as súas políticas activas. Coñecer os trazos definitorios (legais, competenciais, arbitrarios...) de dito contexto político-xeográfico é labor desta materia. Polo tanto, abordaremos aspectos tanto teóricos como prácticos que melloren a formación do alumnado interesado.				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.	A5	B3	C6
Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.	A6	B6	
Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.	A8		
Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.	A10		
Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.			
Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.			
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			

Contidos

Temas	Subtemas
1. A lexislación cultural e educativa de referencia na Administración Local. Os textos que marcan liñas. 2. Os axentes culturais. 3. Políticas culturais e educativas: trazos e interdependencia. 4. Que acción cultural? 5. A oferta pedagóxica á cidadanía: deseño e boas prácticas.	1. Marco Normativo-Legal. A lexislación en educación e cultura. A axenda 21 da cultura e outros textos.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Análise de fontes documentais	9	9	18
Aprendizaxe colaborativa	18	30.4	48.4
Estudo de casos	7	5.6	12.6
Discusión dirixida	15	9	24
Lecturas	3	12	15
Sesión maxistral	30	0	30
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Haberá, en diversos soportes, documentos referidos a Boas Prácticas para analizar na aula de maneira colectiva.
Aprendizaxe colaborativa	O alumnado deberá desenvolver un traballo de investigación aplicada sobre unha iniciativa educativa e/ou cultural local. O número de membros do grupo será de tres persoas e non deberán entregala, senón defendela no espazo e prazo que indicará ao seu debido tempo o profesor.
Estudo de casos	Trátase experiencias que traerá a colación o profesor.
Discusión dirixida	Ao longo do cuadrimestre, abordaremos proxectos ou experiencias para ser discutidas en clase.
Lecturas	Haberá a disposición do alumnado un DOSSIER, tanto en soporte dixital como papel. Así mesmo, o alumnado deberá ler, un mínimo de dous textos que o profesor especificará o primeiro día de clase presencial.
Sesión maxistral	Consiste en explicacións do profesor así como doutras persoas, nomeadamente profesionais en activo no ámbito da acción educativa e cultural local, do exercicio profesional en cuestión. O profesor especificará no seu momento e con suficiente antelación, o número e compoñentes de ditas sesións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Despois de indicadas polo profesor, o alumnado deberá de ler individualmente ditos textos e presentalos na forma e prazo que se lle indicará no seu debido intre e con suficiente antelación.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	Valorase a posta en escena, a comunicación, o contido, a análise desenvolvida e as conclusións por parte do equipo.	40
Estudo de casos	Valorase a participación activa do alumnado	10
Lecturas	Valorase a calidade das reflexións ao fío das lecturas propostas	50

Observacións avaliación
Aquelas persoas que non accedan ao 80% das sesións de clase, ademais das lecturas obrigadas, deberán ir a exámen individual.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías